

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Terceiro idioma estranxeiro I: Portugués				
Materia	Terceiro idioma estranxeiro I: Portugués			
Código	V01G180V01506			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Outros			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Teixeira Nogueira, Carlos Manuel			
Profesorado	Teixeira Nogueira, Carlos Manuel			
Correo-e	carlosnogueira1@sapo.pt			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumnado adquira coñecementos básicos de lingua portuguesa de cara ao nivel A2 do do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz
A3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
A13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada
B1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do terceiro idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.	A1 A13	B2
Coñecer as bases do repertorio léxico básico do terceiro idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.	A1 A4	B1
Coñecer a gramática básica e fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.	A1 A3	B1
Coñecer os aspectos fundamentais socioculturais e de civilización dos países nos que se fala o terceiro idioma estranxeiro.	A1 A6 A8 A11 A13	B1
Mostrar un coñecemento básico-medio do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	A1 A3 A4 A10 A13	B1 B2
Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do terceiro idioma estranxeiro co propio.	A1 A3	B1
Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o terceiro idioma estranxeiro e alleos.	A1 A4 A10 A12 A13	B1 B3

Contidos	
Tema	
Contidos gramaticais	Contidos gramaticais relacionados co nível A2 de lingua portuguesa do Marco Europeu Comum do Ensino das Linguas.
Contidos lexicais	Saudar e despedir; presentación persoal; números, cores; o tempo (horas, partes do día, días da semana, meses, estacións do ano, etc.); transporte; vida cotiá; partes da casa (exterior e interior); roupa; corpo; alimentación; correspondencia informal; diferenzas entre o portugués de Portugal e o do Brasil.
Contidos pragmáticos	Tratamento; Idiomatismos; Falsos amigos. Diferenzas entre o portugués de Portugal e o do Brasil.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	15	45	60
Traballos de aula	22	45	67
Resolución de problemas e/ou exercicios	30	35	65
Eventos docentes e/ou divulgativos	4	0	4
Probas de resposta curta	4	12	16
Outras	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Organización e explicación da materia: calendario, exames, exercicios, bibliografía, ferramentas de traballo.
Sesión maxistral	Sesións teóricas: explicacións teóricas gramaticais e de civilización lusófona.
Traballos de aula	Exercicios gramaticais e revisións que requiren unha preparación previa por parte do alumnado.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Sesións prácticas: exercicios prácticos de produción escrita e oral e de revisión de deberes.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a conferencias, seminarios, filmes ou outras actividades relacionadas cos contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atención a problemas específicos do alumnado durante as sesións prácticas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Presentación de traballos, preparados previamente polo alumnado.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Diferentes exercicios prácticos (escritos ou orais) a realizar nas aulas.	30
Probas de resposta curta	1 exame escrito na última sesión.	30
Outras	Unha ou varias probas de expresión oral (individual).	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes deberán escoller no principio do curso entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua (cf. supra) ou un sistema de avaliación única.

Recoméndase optar polo primeiro. É condición obrigatoria para ser avaliada/o de forma continua a asistencia a un 80% das aulas, a non ser que haxa motivos xustificados para unha asistencia lixeiramente inferior, que deberán ser comunicados ao profesorado o antes posible.

Para a avaliación única é preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para superar a materia. Copia ou plaxio nos respectivos exames será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nas mesmas.

É recomendable consultar regularmente os espazos virtuais da materia na plataforma TEMA (http://faitic.uvigo.es).

Quen opte de forma directa pola avaliación única (non recomendado) será avaliada/o ao final do primeiro período, na primeira edición das actas (maio/xuño), da seguinte forma:

1. Cunha proba escrita teórico-práctica (contando 75% da nota final □teoria: 25%; práctica: 50%□).

2. Cunha proba de expresión oral (contando 25% da nota final) que será gravada.

É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para superar a materia. Copia ou plaxio nos respectivos exames será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nas mesmas.

A convocatoria das probas de expresión oral deberá acordarse co profesorado coa antelación necesaria (mínimo 2 semanas antes da introdución das notas en xescampus), sendo responsabilidade do alumnado contactar co profesorado. A non presentación á proba de expresión oral suporá a obtención dunha calificación de 0 (cero) puntos na mesma.

** **A avaliación final realizarase na última sesión da materia, podendo esta data ser alterada.**

Bibliografía. Fontes de información

Júnior, Joaquim Mattoso Câmara, *Estrutura da Língua Portuguesa*, 19.ª ed., Petrópolis, Vozes, 1989. (ISBN: 85-326-0061-1).

Coimbra, Isabel, e Coimbra, Olga. *Gramática Ativa 1*, 3.ª ed., Lisboa, Lidel, 2011. (ISBN: 978-972-757-638-8).

Com ou sem Acento?, Porto, Porto Editora, 2012. (ISBN: 978.972.0.31936-4).

Cristóvão, Fernando (dir. e coord.). *Dicionário Temático da Lusofonia*, Lisboa, Texto Editores, 2005.
(ISBN: 978-972-472-935-0).

Dicionário da Língua Portuguesa 2011, Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-01564-8)

Dicionário Editora de Espanhol-Português, Porto, Porto Editora, 2008 (ISBN: 978-972-0-01371-2).

Dicionário Editora de Inglês-Português. Acordo ortográfico. Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-01491-7).

Dicionário Editora de Português-Espanhol, Porto, Porto Editora, 2010 (ISBN: 978-972-0-01559-4).

Dicionário Editora de Português-Inglês. Acordo ortográfico. Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-01493-1).

Dicionário Moderno de Sinónimos e Antónimos. Acordo ortográfico. Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-05754-9).

Dicionário Moderno de Verbos Portugueses, Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-05756-3).

Machado, José Barbosa, *Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas*, Braga, Edições Vercial, 2009. (ISBN:

978-972-99038-8-5-3).

Sobral, José Manuel, *Portugal, Portugueses: Uma Identidade Nacional*, s.l., Fundação Francisco Manuel dos Santos, 2012. (ISBN: 978-989-8424-65-5).

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Terceiro idioma estranxeiro II: Portugués/V01G180V01705

Outros comentarios

Un bo nivel de lingua galega axudará na comprensión desta materia.
A lectura e a audición de textos en lingua portuguesa axudan a aumentar o léxico e a fluidez no uso da lingua.